

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O POSICIONAMENTO ESTRATÉGICO DA ÁREA DE MATEMÁTICAS

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2016.

REUNIDOS

Dunha parte, _____, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nomeado mediante o Decreto 15/2015, do 9 de febreiro, en virtude da competencia atribuída polo artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, Don _____, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude da competencia atribuída no artigo 85 dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, e o seu nomeamento mediante o Decreto 62/2014, do 28 de maio.

Todas as partes, en nome e representación que exercen e coa capacidade legal para este acto,

MANIFESTAN

PRIMEIRO. A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do artigo 31 do seu Estatuto de autonomía, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, asumiu a competencia plena sobre a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias. No artigo 18 do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establécese que a Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias. Correspóndelle

contribuír á ordenación e complementariedade das capacidades investigadoras do Sistema Universitario de Galicia, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que estableza o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

SEGUNDO. Logo dunha etapa de crecemento do SUG, cun aumento substancial do alumnado, coa ampliación e a diversificación da oferta de titulacións e cun notable aumento da calidade docente e investigadora, é o momento de centrarse en novos avances, e para percorrer este camiño cómpre unificar os esforzos. Os poderes públicos, as universidades e a sociedade no seu conxunto deben compartir traballo e responsabilidades para acadar a máxima calidade, eficacia e eficiencia na prestación do servizo público de ensino superior universitario. Deste xeito farase posible o futuro crecemento do sistema mediante a produción de mellores resultados, o aumento da calidade e a adecuación ás cambiantes demandas da sociedade en cada momento.

TERCEIRO. A educación, e en concreto a educación universitaria e a súa relación coa investigación e a innovación, desempeña, ademais, un papel fundamental para o progreso tanto a nivel individual coma da sociedade no seu conxunto e mais para proporcionar o capital humano altamente cualificado e a cidadanía formada que Galicia necesita para xerar emprego, crecemento económico e prosperidade. Neste marco, as universidades son os axentes fundamentais para impulsar e manter o crecemento da nosa sociedade.

CUARTO. O artigo 110 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, establece que as universidades, pola súa dimensión, os seus recursos e o número de persoas investigadoras, son axentes esenciais para o desenvolvemento das políticas públicas de I+D+i ao servizo da sociedade; que a investigación, como proceso de xeración de coñecemento, é unha actividade fundamental para garantir a calidade da docencia e para favorecer a transmisión de coñecemento á sociedade, e, ademais que a organización e a planificación interna das universidades deberá ter en conta o seu papel esencial para lle proporcionar á sociedade a tecnoloxía e o coñecemento imprescindibles para o progreso económico e social.

QUINTO. As actuacións da Xunta de Galicia oriéntanse a potenciar as áreas e grupos con maior capacidade de obtención de resultados e investigación, obtendo unha masa crítica que lles faga especialmente competitivos nos eidos académico e económico-social.

SEXTO. Os ranquins universitarios estanse a consolidar, a nivel nacional e internacional, coma unha referencia, incompleta, pero fundamental, á hora de examinar tendencias de éxito e captar talento científico a nivel mundial.

SÉTIMO. Entre os ranquins de universidades do mundo destaca o Academic Ranking of World Universities, elaborado pola Universidade Jiao Tong de Shanghai. Esta clasificación ordena as 500 mellores universidades do mundo en función de criterios de calidade como o nivel dos estudantes, o profesorado e os centros, actividade investigadora, publicacións, etc.

OITAVO. Na súa última edición o ranquin de Shanghai, situou por primeira vez á Universidade de Santiago entre as 400 mellores do mundo. A Universidade de Santiago tamén está entre as mellores en materia de Ciencias Ambientais (entre os postos 301 e 400); e en Ciencias Naturais, onde situase entre as 200 mellores do mundo. Pola súa parte, a Universidade de Vigo destaca no campo das Ciencias Ambientais, colocándose, ao igual que a USC, entre as mellores 400 do mundo. E na área das Ciencias dos Materiais e Enxeñaría, é a única representación galega, entre as 400-600 mellores.

NOVENO. É no campo específico das Matemáticas onde a USC segue a destacar dentro do Sistema Universitario de Galicia, e por terceiro ano consecutivo, ao situarse entre as 100 mellores do mundo, sendo a única área de coñecemento do sistema que chega a este rango.

DÉCIMO. A Xunta de Galicia considera estratéxico que todas estas áreas, e especialmente, a de Matemáticas da USC, poidan manter, e no seu caso, mellorar estas posicións en futuras edicións dos ranquins, ao permitir visualizar no exterior a calidade da docencia e investigación do sistema universitario galego.

Por todo o exposto, ambas institucións acordan subscribir o presente Protocolo de colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. É obxecto do presente Protocolo establecer o compromiso entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver un plan trienal de lanzamento da Área de Matemáticas.

SEGUNDA. A Área de Matemáticas da USC require dunha acción estratéxica para, coa finalidade de manter e mellorar o seu nivel de excelencia científica, ser quen de enfrontar os retos de renovación do seu staff investigador, explorar as posibilidades de investigación con outros ámbitos do coñecemento e abrise a unha maior colaboración co tecido empresarial.

TERCEIRA. O convenio de desenvolvemento deste protocolo basearase na singularidade da Área de Matemáticas da USC e a necesidade de que a universidade galega que máis destaca nesta disciplina, poida manter a súa posición de privilexio e, na medida do posible, potenciala.

CUARTA. O convenio establecerá a necesidade da sustentabilidade da produción científica e dunha oferta de calidade para a formación de investigadores, procurando ampliar e diversificar as fontes de xeración de recursos de investigación, tanto de fondos competitivos, especialmente os europeos, como os que poidan proceder da relación con empresas e outros grupos de interese, así como para a potenciación da súa oferta docente de grao, máster e doutoramento, especializada e profesionalizante, e as súas actividades singulares na detección e estimulación do talento matemático.

QUINTA. O futuro convenio concretará a aposta por incrementar a calidade da acción investigadora aspirando a mellorar a posición relativa desta disciplina da USC no contexto nacional e europeo, coidando especialmente a atracción e retención de talento investigador, afondando a formación e desenvolvemento do mesmo.

SEXTA. A USC potenciará o valor das matemáticas como disciplina instrumental necesaria doutros ámbitos do saber, convertendo ás Matemáticas nun dos alicerces vertebradores de calquera estratexia de investigación interdisciplinar que queira promover a USC ou o propio SUG.

SÉTIMA. O último obxectivo do futuro convenio enfócase á afondar nas relacións co tecido empresarial que, cada vez máis, atopa nas capacidades desta área solucións adecuadas aos retos que as empresas teñen que afrontar, máxime nunha época caracterizada pola necesidade de manexar grandes volumes de información e de acelerar a toma de decisións. O sector biotecnolóxico, o financeiro ou o enerxético son claros exemplos desta necesidade.

OITAVA. Conscientes da necesidade de instrumentar un impulso na investigación e innovación na área de Matemáticas na USC a Xunta de Galicia ven de elaborar un Plan director que condensa a situación actual e desenvolve un "Plan de acción 2017-2019". A proposta elaborada en colaboración con destacados profesores e investigadores da Facultade de Matemáticas, membros do Instituto de Matemáticas (IMAT) e colaboradores externos establece as “ Liñas e accións da Área de Matemáticas da USC” e describe os obxectivos estratéxicos de actuación e o plan de lanzamento aos que se fai referencia neste protocolo.

NOVENA. O presente protocolo entrará en vigor dende a data da súa sinatura.

Así queda redactado o presente documento que, en proba de conformidade asinan os comparecentes, por duplicado exemplar no lugar e data indicados ao inicio.

O conselleiro de Cultura,
Educación e Ordenación
Universitaria

o reitor da Universidade de
Santiago de Compostela